

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o trinta de decembro de dous mil quince, adoptou o seguinte acordo:

11/893 CONTRATO ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Á PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS QUE LEVA A CABO A CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO DENTRO DO PROGRAMA “UNHA ESCOLA ABERTA”. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 01/01/2016 ATA O 31/12/2016.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica do Servizo de Contratación e do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 15 de decembro de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e visto:

1.-Contrato administrativo correspondente á prestación de actividades extraescolares e complementarias que leva a cabo a concellería de educación nos CEIPS do concello de Lugo dentro do programa ‘UNHA ESCOLA ABERTA’ asinado entre o Concello de Lugo e a mercantil A BILLARDA S.L. O 10 de outubro de 2014 A cláusula terceira dos pregos de cláusulas administrativas establece:

‘Á vista da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e tendo en conta a disposición transitoria segunda, establécese o prazo de duración do contrato dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015, ou período inferior no caso de que a comunidade autónoma asuma as competencias referentes á prestación dos servizos sociais en cuxo caso a empresa concesionaria non terá dereito a indemnización por incumprimento de prazos.

Unha vez rematado o período inicial de vixencia -e para o caso de que a Comunidade Autónoma de Galicia acordase a delegación de competencias nesta materia ou en virtude da normativa existente no momento o Concello podese continuar prestando esta competencia- poderá o contrato prorrogase por mutuo acordo das partes adoptado cunha antelación de un mes á data de finalización e por un período máximo igual ó período de duración inicial deste contrato.

Non obstante o anterior, a realización das actividades nos centros educativos será, conforme ó prego de prescricións técnicas de 9,5 meses.

Malia o exposto e para o caso que a Xunta de Galicia manifeste reparos para realización desta actividade en cumprimento da dita Lei 27/2013 e o Concello se atope na circunstancia de non poder seguir desenvolvemento dita actividade este contrato entederase resolto sen indemnización algunha á contratista’

2.- Solicitud de prórroga presentada pola empresa A BILLARDA S.L. en data 25 de novembro de 2015

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x620110893

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-12-2015

3.- Informe favorable á prórroga emitida pola pedagoga de Educación e mailo Tenende de Alcalde da Área de Educación e Infraestructuras en data 10 de decembro con informe de melloras ofertadas e realizadas.

4.- Informe emitido pola pedagoga de Educación e mailo Tenente de Alcalde da Área de Educación e Infraestructuras en data 11 de decembro da conveniencia de prorrogar o contrato ata o 31 de decembro de 2016.

5.- Mandamento contable RCFUT103527/15 de consignación na aplicación 32000.22799 para o Presuposto municipal de 2016 por importe de 203.556,12 euros

6. Certificacións positivas en vigor da AEAT e da Seguridade Social

7.- Informe de Tesourería de data 17 de setembro de 2015 de non existencia de débedas tributarias municipais

Cómpre realizar unha breve reflexión sobre a competencia municipal en materia de educación que permitiría decidir sobre a posibilidade ou non da continuidade da prestación deste servizo.

Sobre o tema competencial a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a cal establece na súa disposición adicional cuarta '*As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en **materia de educación**, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Adminsitración Local, continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*', disposición que podería dar cobertura legal á continuidade da prestación do Programa de Hortos nas Escolas por parte do Concello de Lugo.

Igualmente, en datas recentes, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas emitíu unha nota explicativa da reforma local acompañada dunha comunicación nas que se aclara que '*mentres non sexan aprobadas as normas reguladoras do novo sistema de financiación autonómica e local, as **competencias referidas na citada lei, en canto á atención primaria da saúde, sevizos sociais e educación, deberán continuar sendo prestadas polos Concellos***', o cal confirmaría a interpretación favorable á posibilidade de continuidade da prestación do servizo de referencia por parte do Concello.

Non obstante, ante un tema de tanta enxundia que segue a debate en moitos ámbitos, foron solicitados informes á Secretaría e Vicesecretaría Municipais, así como á Asesoría Xurídica e Intervención Xeral Municipal, sen prexuízo de que ante a inminencia do remate do actual contrato (31/12/15) e a importancia do mesmo por canto afecta ás familias e aos nenos escolarizados en centros públicos de educación infantil e primaria, se poida continuar coa prestación do servizo e, a posteriori esixir as responsabilidades sobre o exercizo de tal competencia e do seu financiamento.

En todo caso e aínda no suposto de que este servizo non puidera prestarse por existir interpretación distinta ou cambio normativo, esta situación non produciría consecuencia práctica a maiores da sinalada na cláusula vixésimo segunda dos pregos de cláusulas administrativas que dí: *‘Dará igualmente lugar á resolución do contrato a decisión da Xunta de Galicia, á vista da Lei 17/2013 de racionalización e sustentabilidade de Administración local, de asumir antes do transcurso do período transitorio este servizo ou ben a decisión de suprimilo. Esta circunstancia non suporá responsabilidade algunha para o Concello de Lugo nin a obriga de indemnizar á empresa contratista.’*

Se ben é certo que a prórroga non se adopta cun mes de antelación á data límite de duración inicial tal e como se establece nos pregos, sí se solicita pola empresa contratista coa debida antelación sendo informada favorablemente pola responsable do contrato e mailo concelleiro delegado polo que se evidencia a vontade de continuar coa prestación do servizo nos termos pactados no contrato, non obstante debería procurarse que o acordo municipal correspondente se adoptase con anterioridade ao vencemento do prazo inicial.

Por outra banda, se ben o prazo máximo a que podería ascender a prórroga é de 14 meses e 21 días - idéntico prazo que o de duración inicial tendo en conta a data de formalización do contrato (10 de outubro de 2014) e data límite de finalización prevista no prego (31 de decembro de 2015) - emítese informe por parte da responsable do contrato indicando a convenciencia de non prorrogar ata o tope máximo senón que a prórroga se acorde ata o 31 de decembro de 2016.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmá. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo subscrito por este Concello e a mercantil A BILLARDA S.L. con CIF B27278845 adxudicataria do CONTRATO ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Á PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS QUE LEVA A CABO A CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO DENTRO DO PROGRAMA “UNHA ESCOLA ABERTA” dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2106, con base nos informes técnicos e xurídicos

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x620110893

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-12-2015

anteriormente mencionados e que se dan por transcritos para os efectos da súa fundamentación, con estrita suxeición ao prego de condicións técnicas e económico administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Adoptar o compromiso de incluír no Orzamento de 2016 a cantidade necesaria para atender as obrigas que se devenguen no dito exercicio. (RC FUT 103527/15)

TERCEIRO.- Darlles traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Malia o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.